



Concello de
Lousame

Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia



Expediente núm. 2023/C002/000035

INFORME-PROPOSTA DA NECESIDADE DO CONTRATO

Vista a necesidade que ten o Concello de Lousame de contratar a “DIRECCIÓN DE OBRA, COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE E REDACCIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA AXUDA DO PROXECTO EC 22/2023 REDUCCIÓN DA CONTAMINACIÓN LUMÍNICA E MELLORA DA EFECIENCIA NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE LOUSAME”, ao abeiro do RD 692/2021, de 3 de agosto polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (Programa Dus 5000) e a Resolución de axuda á entidade Concello de Lousame no contexto do RD692/2021 do 3 de agosto, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU

No cumprimento do artigo 118.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, emítase o seguinte **INFORME**:

1º. Necesidade do contrato (art. 118.1 LCSP 2017)

O Concello de Lousame precisa celebrar un contrato de servizos para a dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde así como a elaboración da documentación necesaria para a xustificación da subvención que permita a correcta execución do proxecto.

O Concello de Lousame é un concello rural que ten moi en conta o respecto ao medio ambiente e a implantación de accións que contribúan a reducir o cambio climático e a mellorar a calidade de vida dos seus veciños mediante a conservación e protección do medio ambiente.

O Concello de Lousame carece neste momento de medios humanos, materias e técnicos para poder asumir directamente a dirección de obra, a redacción e coordinación dos plans de seguridade e saúde así como para redatar a documentación necesaria para levar a cabo a xustificación da subvención.

Conforme ao artigo 118.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a contratación que se propón non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.

Trátase de unha prestación independente non suscribíndose outros contratos menores que teñan por obxecto levar a cabo servizos análogos.

2º. Obxecto do contrato. Contido e especificacións técnicas da prestación.

a) Tipo de contrato: Contrato de servizos



Concello de Lousame

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU



Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia



b) Definición do contrato: “DIRECCIÓN DE OBRA, COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE E REDACCIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA AXUDA DO PROXECTO EC 22/2023 REDUCCIÓN DA CONTAMINACIÓN LUMÍNICA E MELLORA DA EFECIENCIA NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE LOUSAME”, ao abeiro do RD 692/2021, de 3 de agosto polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (Programa Dus 5000) e a Resolución de axuda á entidade Concello de Lousame no contexto do RD692/2021 do 3 de agosto, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU

c) Orzamento máximo de licitación: 10.890,00 €, iva incluído.

Desglose de actuación e importe (IVE incluído) das actuacións:	
Dirección de obras:	9.075,00 €
Coordinación de seguridade e saúde:	1.210,00 €
Documentación xustificación subvención:	605,00 €

d) Valor estimado: 9.572,31 €

e) IVE: 1.317,69 €

f) Prazo de execución: Inferior ao ano

g) Condicións na execución do contrato:

- adxudicatario realizará os traballos que se reflicten na memoria remitida ao IDEA coa solicitude da axuda así como na lexislación aplicable.
- Igualmente darase cumprimento á Resolución do IDAE de concesión de axuda ao concello de Lousame no contexto do RD 692/2021 de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxecto singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (DUS 5000) no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

3º. Existencia de crédito. Ausencia de dobre financiación.

Para facer fronte ás obrigas económicas que se deriven para a Administración do cumprimento do contrato, existe crédito suficiente no orzamento con cargo á aplicación 165.61900



Concello de Lousame

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU



Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia



O financiamento realizarase con cargo aos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU (PRTR) a través da axuda concedida polo IDAE ao concello de Lousame no contexto do RD 692/2021 de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (DUS 5000) no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (85%) así como con cargo aos fondos propios do Concello de Lousame (15 %)

Polo tanto, queda acreditada a ausencia de dobre financiamento.

4º. Actuación financiada con cargo aos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU (PRTR).

Por tratarse de unha actuación financiada con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia resulta de aplicación o seguinte:

4.1. Compoñente e investimento.

O presente contrato enmarcase dentro do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationUE, co seguinte detalle:

MECANISMO	PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA. Financiado por el Mecanismo para la recuperación y resiliencia (MRR)
PALANCA	1 Agenda urbana y rural, lucha contra la despoblación y desarrollo de la agricultura
COMPONENTE	Componente 2, Implementación de la Agenda Urbana española: Plan de Rehabilitación de vivienda y regeneración urbana
REFORMA/INVERSIÓN	C2.I4 (Programa de Regeneración y Reto Demográfico)
HITO/OBJETIVO CID	OBJETIVO 35 Proyectos de energía limpia en municipios con menos de 5000 habitantes.
Objetivo, indicador y plazo	Finalización y recepción, antes del 30/06/2026 de obras que supongan una reducción de la contaminación lumínica mediante la mejora de la iluminación pública
Objeto de la actuación	“DIRECCIÓN DE OBRA, COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA PARA A XUSTIFICACIÓN DA AXUDA A REDUCCIÓN DE LA CONTAMINACIÓN LUMÍNICA Y MEJORA DE LA EFICIENCIA EN LOS ALUMBRADOS PÚBLICOS DEL CONCELLO DE LOUSAME”.
Expediente contratación	2023/C005/000004

Da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que configurase o sistema de xestión do Plan de recuperación, Transformación y resiliencia, resultan unha serie de deberes que van moito máis alá que os visibles compromisos en materia de comunicación, encabezamento e logos que se contieñen no artigo 9.



Concello de
Lousame



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



En concreto a Orden HFP/1030/2021 define outras especialidades que constituen deberes nesta contratación, configuradas polo Ministerio de Facenda para dar cumprimento a os seguintes principios:

- a) Concepto de hito e obxectivo, así como criterios para o seu seguimento e acreditación do resultado.
- b) Etiquetado verde e etiquetado dixital.
- c) Análisis do risco en relación cos posibles impactos negativos significativos no medioambiente (*do no significant harm*, DNSH), seguimento e verificación do resultado sobre a avaliación inicial.
- d) Reforzo de mecanismos para a prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e os conflitos de interés.
- e) Compatibilidade do réxime de axudas do Estado e prevención da dobre financiación.
- f) Identificación do receptor final dos fondos, sexa como o beneficiario das axudas, ou adxudicatario dun contrato o subcontratista.
- g) Comunicación.

4.2. Fitos e obxectivos.

Os fitos e obxectivos son metas a alcanzar en momentos determinados do tempo e permiten verificar que as Medidas, Proxectos, Subproxectos ou Liñas de acción logran a finalidade ou os resultados para os que foron definidos. Para cumprir a súa función, os fitos e obxectivos teñen asociados indicadores, cualitativos ou cuantitativos, que miden o seu progreso e determinan o seu cumprimento.

De acordo co Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, con estas axudas perséguese os seguintes fitos e obxectivos:

A finalidade deste Real Decreto é executar o PROGRAMA DUS 5000, parte do investimento C2.I4 (Programa de Rexeneración e Reto Demográfico) do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, dentro da Componente 2, «Implementación da Axenda Urbana española: Plan de rehabilitación de vivenda e rexeneración urbana», contribuíndo con iso á descarbonización mediante o fomento dos investimentos en infraestruturas verdes, de maneira que se transite desde as enerxías fósiles ata un sistema enerxético limpo.



Concello de
Lousame



Número	Medida	Hito / Objetivo	Nombre	Indicadores cualitativos (para los hitos)	Indicadores cuantitativos (para los objetivos)			Tiempo		Descripción de cada hito y objetivo
					Unidad	Valor de referencia	Meta	Trimestre	Año	
35	CC14	Objetivo	Proyectos de energía limpia en municipios con menos de 5 000 habitantes.		Número	0	250	Q2	2026	Al menos 250 proyectos singulares locales de energía limpia completados en municipios con menos de 5 000 habitantes. Características: Se incluyen proyectos adjudicados en licitaciones o inversiones por las Entidades Locales en uno o varios de los siguientes: <ul style="list-style-type: none"> - Instalación de electricidad o calefacción y refrigeración renovables en edificios o infraestructuras públicas (incluido al menos un 80 % de autoconsumo). Puede incluir la calefacción/refrigeración por barrio. - Renovaciones energéticas de edificios o infraestructuras públicas (con un ahorro de energía primaria de al menos el 30 %). - Movilidad sostenible (proyectos de cambio modal o electromovilidad). - Reducción de la contaminación lumínica mediante la mejora de la iluminación pública.

4.3. Etiquetaxe verde e dixital e principio de non causar danos significativos ao medio ambiente (DNSH).

A empresa contratante e os subcontratistas estarán obrigados ao cumprimento dos compromisos en materia de etiquetaxe verde e dixital, así como á aplicación do principio de non causar danos significativos ao medio ambiente (Non dano significativo, DNSH) establecido no documento de especificacións técnicas.

4.4. Conflicto de intereses, fraude e corrupción.

Resulta de obrigada aplicación ao presente contrato o Plan de Medidas Antifraude e Anticorrupción da Deputación Provincial da Coruña aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña na sesión ordinaria celebrada o 23 de xuño de 2022 (BOP núm. 125 de 4 de xullo 2022), PREMADECOR, ao que se adheriu o Concello de Lousame mediante acordo plenario de data 29/07/2022, publicado no Boletín Oficial da provincia da Coruña, no 192 de data 10/10/2022, "Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Lousame (Plan PREMADECOR)", adoptado polo Pleno da Deputación da Coruña o 30 de setembro de 2022.

Para tal fin, os contratistas e subcontratistas deberán presentar o compromiso de adhesión ao citado Plan.

Así mesmo, a Disposición adicional cento duodécima da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2023, regula o procedemento de análise sistemática e automatizada do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, baseada nunha ferramenta informática de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España, MINERVA, e, mediante a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, especificáronse todos os aspectos necesarios para a súa aplicación. Estas disposicións serán de aplicación a este procedemento.

4.5. Declaración de ausencia de conflito de intereses.

Todos os implicados nas distintas fases do contrato terán a obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), que se incorporará ao expediente de contratación.



Concello de
Lousame



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



IDAE

Esta DACI tamén será esixible a todos os contratistas e subcontratistas que participen na execución do contrato.

4.6. Obrigas de información:

O adxudicatario e os subcontratistas deberán facilitar, en aplicación do artigo 8.2 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro:

- a) NIF do contratista ou subcontratistas.
- b) Nome ou razón social.
- c) Domicilio fiscal do contratista e, se é o caso, dos subcontratistas.
- d) Acreditación, polo contratista e subcontratista, da inscrición no Censo de empresarios, profesionais e titulares da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que deberá reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de alta.
- e) A aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para o cumprimento do disposto na normativa europea aplicable e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.
- f) Declaración responsable sobre o cumprimento dos principios transversais establecidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e que puidesen afectar ao ámbito obxecto de xestión.
- g) E en aplicación do artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro: Información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos, do contratista e do subcontratista, tal como se define o titular real no punto 6 do artigo 3 da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello: nome e data de nacemento.

4.7. Acceso á información e conservación da mesma

Este contrato está suxeito aos controis da Comisión Europea, da Oficina de Loita Antifraude, do Tribunal de Contas Europeo e da Fiscalía Europea. Estes organismos teñen dereito de acceso á información do contrato, polo que o contratista e o subcontratista están obrigados a facilitala.

Así mesmo, deberán cumprirse as normas de conservación da documentación, de conformidade co disposto no artigo 132 do Regulamento (UE, Euroatom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, relativo á normativa financeira aplicable ao orzamento xeral da Unión.

4.8. Obrigas en materia de comunicación, encabezamentos e logotipos.



O contratista e o subcontratista están obrigados ao cumprimento dos compromisos en materia de comunicación, encabezamentos e logotipos recollidos no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

Por tratarse dun proxecto financiado con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU (PRTR), os contratistas, subcontratistas e a administración en todas as actuacións relacionadas e todos os documentos, carteis, publicidade, rótulos, folletos indicativos, etc... os materiais e os seus compoñentes editados/fabricados especificamente deberán incluír os logotipos que se reflicten a continuación:



5. Procedemento e forma de adjudicación.

Segundo o artigo 118 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, consideranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministro ou de servizos.

Atendendo ao valor estimado do contrato o procedemento máis axeitado para a adjudicación é o **contrato menor**, un procedemento máis áxil que permite a correcta execución do contrato principla e a xustificación da axuda recibida do IDAE en tempo e forma.

A adjudicación do contrato realizarase utilizando un **único criterio de adjudicación, factor prezo**, adjudicándose á oferta máis económica, polo que o orzamento de base de licitación poderá ser mellorado á baixa.

No caso de que se producise unha empate este resolverase por sorteo.

Resultará de aplicación o disposto nos arts 149 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público e 85 e 86 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en relación aos criterios para a consideración das ofertas como anormalmente baixas e para a súa expulsión do procedemento de contratación previa instrución do procedemento establecido aos efectos.



Concello de
Lousame



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia



IDAE

Para a selección do contratista procederase a publicar UN ANUNCIO NA PLATAFORMA DE CONTRATACIÓN DO ESTADO, de forma que calquer empresario interesado, que conte con capacidade e coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, poderá presentar proposición:

1.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

As ofertas presentaranse REXISTRO ELECTRÓNICO do Concello (NON ADMITÍNDOSE NINGÚN OUTRO LUGAR/MEDIO PARA A PRESENTACIÓN).

2.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Será de 10 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio na plataforma de contratación do estado.

3.- FORMA/CONTIDO DA OFERTA

A oferta deberá axustarse ao modelo establecido como **ANEXO I** desta memoria, que inclúe unha declaración responsable de cumprimento das condicións legalmente establecidas para contratar.

A citada oferta e declaración deberá ser asinada electronicamente polo empresario e no seu caso polo administrador ou persoa apoderada con poder suficiente.

Non se admitirán ofertas que no estean asinadas electronicamente.

Acompañarase da seguinte documentación, **tanto do adxudicatario como dos subcontratistas**:

- Acreditación da inscrición no **Censo de empresarios**, profesionais e reteñedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou en el Censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que debe reflexar a actividade efectivamente desenvolta na data de participación no procedemento de licitación
- **Información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos**, do contratista e do subcontratista, tal como se define o titular real no punto 6 do artigo 3 da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello: Nome e data de nacemento (conforme ao **anexo II**)
- Declaración de ausencia de conflito de intereses (conforme ao **anexo III**)
- Declaración sobre aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (conforme ao **anexo IV**)
- Declaración responsable relativa ó compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidieran afectar ao ámbito obxecto de xestión (conforme ao **anexo V**).



Concello de
Lousame



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia



- Declaración responsable de adhesión ao PREMADEDOR (conforme ao **anexo VI**)

Estes anexos/declaracións deberán ser asinadas electronicamente polo empresario e, no seu caso, polo administrador ou persoa apoderada con poder suficiente.

6. Réxime xurídico.

Este contrato de servizos ten carácter administrativo, e ambas as partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra estes poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora desta xurisdición, despois da interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

O contrato queda sometido ao disposto na seguinte normativa:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP)

Esta contratación financiada con fondos procedentes do Instrumento Europeo de Recuperación («Next Generation EU»), con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) atópase suxeita ás seguintes normas:

- O Regulamento (UE) 2021/240, do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de febreiro de 2021 polo que se establece un instrumento de apoio técnico
- O Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- As especialidades en materia de contratación reguladas no Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, de carácter básico (art. 50 réxime excepcional de tramitación urxente), así como, as disposicións que, non tendo carácter básico, serán de aplicación supletoria respecto á materia que se regula.



Concello de
Lousame



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



- A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia
- A Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas entidades do Sector Público Estatal Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia
- A Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia
- Así mesmo, a contratación está suxeita, en todo caso, ao cumprimento execución e realización dos fitos e obxectivos fixados no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, de conformidade coa Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decisión-CID) e estará sometida á plena aplicación dos procedementos e control que se establezan para o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e demais normativa da Unión Europea aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como, ás obrigacións específicas relativas á información e publicidade, á verificación e ás demais impostas pola normativa da Unión Europea
- O Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR), aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña en sesión con data do 23 de xuño de 2022, e publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 125 do 4 de xullo de 2022 e Resolución da Presidencia número 34223/2022, do 4 de agosto de 2022, pola que se designan o presidente e o secretario do comité anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (cadecor)
- Así mesmo o contrato estará suxeito a canto normas de desenvolvemento se aproben, no que resulte aplicable a este procedemento.

Polo órgano de contratación

En Lousame na data da sinatura dixital

A Alcaldesa.

María Teresa Villaverde Pais.



Concello de
Lousame

Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia



ANEXO I

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE E DE OFERTA

Expediente núm:

D./D^a _____ con domicilio no municipio de _____, rúa _____, núm. ____, provincia _____, país _____, Teléfono, _____ dirección electrónica habilitada _____, con DNI/NIF (ou Pasaporte ou documento que o substitúa) Núm.____, actuando en nome propio (ou en representación de _____, DNI o NIF Núm._____, e con domicilio fiscal no municipio de _____, rúa _____, núm._____, provincia, _____, país _____, teléfono _____, dirección electrónica habilitada _____).

Enterado/a das condicións e requisitos que se esixen para tomar parte no procedemento para a adxudicación do **contrato menor de servizos "DIRECCIÓN DE OBRA, COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE E REDACCIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA AXUDA DO PROXECTO EC 22/2023 REDUCCIÓN DA CONTAMINACIÓN LUMÍNICA E MELLORA DA EFICIENCIA NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE LOUSAME"** e ao obxecto de participar no mesmo fai constar que:

1º.- Coñece e acepta cantas obrigacións se deriven do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Na presente licitación (indíquese o que procede):

a) Non concorre con empresas vinculadas

b) Concorre coas seguintes empresas:

Denominación

NIF

3º.- Que se compromete a tomar a seu cargo a execución do contrato polo prezo de: (DATOS SOLO EN NÚMEROS, NON EN LETRA):

A) Prezo sen IVE _____ euros.

B) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe: _____ %. Importe _____ euros.

C) Total (A+ B) _____ euros



Concello de Lousame

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU



Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia



4º.- Declara responsablemente:

1º.- Que ostenta a representación da sociedade/entidade que presenta a oferta.

2º.- Que ten capacidade de obrar e conta coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica

3º.- Que conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade

4º.- Que non está incurso en prohibición de contratar algunha.

5º.- Que se encontra ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social impostas polas disposicións vixentes e outorga o seu consentimento expreso ó Concello de Corcubión para realizar a consulta dos seus datos no rexistro de licitadores e/ou na Tesorería Xeral da Seguridade Social e Axencia Tributaria.

6º.- Que cumpre coas obrigas establecidas na normativa vixente en materia laboral, social e de igualdade efectiva entre homes e mulleres.

7º.- O seu sometemento ao foro español (só no caso de empresas estranxeiras)

8º.-No seu caso, que está inscrita no Rexistro:

a) Rexistro Oficial de Licitadores e empresas clasificadas do Sector Público número de inscrición ____ .

b) Rexistro equivalente da Comunidade Autónoma de Galicia número de inscrición ____ .

9º.-Que sabe e acepta que as notificación que se deriven do presente procedemento serán enviadas/recibidas a través de notifica.gal, na dirección de correo electrónico habilitada designada.

10º.- Que ten previsto subcontratar as seguintes unidades de obra polo importe que se indica:

UNIDADES OU PARTES DE OBRA QUE SE VAN SUBCONTRATAR	IMPORTE IVE INCLÚIDO	IDENTIFICACIÓN DO SUBCONTRATISTA
		NOME OU RAZÓN SOCIAL, NIF E DOMICILIO FISCAL
TOTAL		

En _____ a __de ____de 202_



Concello de
Lousame



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



ANEXO II

MODELO DE APORTACIÓN DE INFORMACIÓN RELATIVA AO TITULAR REAL DO BENEFICIARIO FINAL DE LOS FONDOS.

Expediente núm:

Ao obxecto de dar cumprimento á aportación por parte do contratista e subcontratista da información relativa ao titular real⁽¹⁾ do beneficiario final dos fondos na forma prevista no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, nos termos establecidos no punto 6 do artigo 3 da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello, coa finalidade de dar cumprimento á esixencia do artigo 22.d) do Regulamento UE 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021: informase no expediente de referencia:

Información relativa ao beneficiario final dos fondos:

Nome:

Data de nacemento:

(Data e sinatura, nome completo e DNI)



Concello de
Lousame



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



1 «titular real»: la persona o personas físicas que tengan la propiedad o el control en último término del cliente o la persona o personas físicas por cuenta de las cuales se lleve a cabo una transacción o actividad, con inclusión, como mínimo, de: a) en el caso de las personas jurídicas: i) la persona o personas físicas que en último término tengan la propiedad o el control de una persona jurídica a través de la propiedad directa o indirecta de un porcentaje suficiente de acciones o derechos de voto o derechos de propiedad en dicha entidad, incluidas las carteras de acciones al portador, o mediante el control por otros medios, exceptuando las sociedades que coticen en un mercado regulado y que estén sujetas a requisitos de información acordes con el Derecho de la Unión o a normas internacionales equivalentes que garanticen la adecuada transparencia de la información sobre la propiedad. El hecho de que una persona física tenga una participación en el capital social del 25 % más una acción o un derecho de propiedad superior al 25 % en el cliente será un indicio de propiedad directa. El hecho de que una sociedad, que esté bajo el control de una o varias personas físicas, o de que múltiples sociedades, que estén a su vez bajo el control de la misma persona o personas físicas, tenga una participación en el capital social del 25 % más una acción o un derecho de propiedad superior al 25 % en el cliente será un indicio de propiedad indirecta. Lo anterior se aplicará sin perjuicio del derecho de los Estados miembros a decidir que un porcentaje menor pueda ser indicio de propiedad o control. La existencia de «control por otros medios» podrá determinarse, entre otras maneras, de conformidad con los criterios establecidos en el artículo 22, apartados 1 a 5, de la Directiva 2013/34/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, ii) en caso de que, una vez agotados todos los medios posibles y siempre que no haya motivos de sospecha, no se identifique a ninguna persona con arreglo al inciso i), o en caso de que haya dudas de que la persona o personas identificadas sean los titulares reales, la persona o personas físicas que ejerzan un cargo de dirección de alto nivel, las entidades obligadas conservarán registros de las medidas tomadas para identificar a quien ejerce la titularidad real con arreglo al inciso i) y al presente inciso; b) en el caso de los fideicomisos: i) el fideicomitente, ii) el fideicomisario o fideicomisarios, iii) el protector, de haberlo, iv) los beneficiarios; o cuando los beneficiarios de la entidad o la estructura jurídicas estén aún por designar, la categoría de personas en beneficio de la cual se ha creado o actúan principalmente la entidad o la estructura jurídicas, v) cualquier otra persona física que ejerza en último término el control del fideicomiso a través de la propiedad directa o indirecta o a través de otros medios; c) si se trata de entidades jurídicas como las fundaciones, y de estructuras jurídicas similares a los fideicomisos, estarán incluidas en esta categoría la persona o personas físicas que ejerzan un cargo equivalente o similar a los contemplados en la letra b);



Concello de Lousame

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU



Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia



ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES (DACI)

Expediente núm:

Don/Doña, con DNI....., en nome

propio ou en representación de (operador económico)....., con NIF..... (do operador económico); en relación co expediente para a contratación denominada “DIRECCIÓN DE OBRA, COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE E REDACCIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA AXUDA DO PROXECTO EC 22/2023 REDUCIÓN DA CONTAMINACIÓN LUMÍNICA E MELLORA DA EFECIENCIA NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE LOUSAME”, co fin de garantir a obxectividade e imparcialidade neste procedemento de contratación

DECLARA:

PRIMEIRO.- Que con carácter previo a súa intervención neste expediente foi debidamente informado do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 “Conflicto de intereses” do Regulamento UE/2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da Unión Europea) establece que “existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións poida verse comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal”.
2. Que o artigo 64, “Loita contra a corrupción e prevención de conflito de intereses” da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, define o conflito de intereses como “calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no seu resultado, teña directa ou indirectamente un



interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación”.

3. Que o apartado 3 da disposición adicional centésima décimo segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2023, establece que “a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese resulta de aplicación aos empregados públicos e resto de persoal ao servizo de entidades decisor, executoras e instrumentais que participen, de forma individual ou mediante a súa pertenza a órganos colexiados, nos procedementos descritos de adjudicación de contratos ou de concesión de subvencións”.
4. Que o apartado 4 da devandita disposición adicional centésima décimo segunda establece que:
 - “A través dunha aplicación informática analizaranse as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que se poida producir un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de interese, entre as persoas ás que se refire o apartado anterior e os participantes en cada procedemento.
 - Para a identificación das relacións ou vinculacións á devandita aplicación informática conterá, entre outros, os datos de titularidade real das persoas xurídicas ás que se refire o artigo 22.2 d).iii) do Regulamento (UE) 241/2021, do 12 de febreiro, que están nas base de datos da Axencia Estatal da Administración Tributaria e os obtidos a través dos convenios suscritos cos colexios de notarios e rexistradores.
5. Que o artigo 23. “Abstención”, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento tanto as autoridades como o persoal no que poida darse algunha das circunstancias que se enumeran a continuación:
 - a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución poida influír a daquel, ser administrador de sociedade ou entidade interesada ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
 - b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable ou parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera das persoas interesadas, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén con asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
 - c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
 - d) Intervir como perito ou testemuña no procedemento de que se trate.



Concello de
Lousame



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



IDAE

- e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo ou en calquera circunstancia ou lugar.

SEGUNDO.- Que no momento da sinatura desta declaración e tendo en conta a información que está no seu poder, non se atopa incurso en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de interese, nos termos dispostos no apartado catro da disposición adicional centésima décimo segunda, que poida afectar o procedemento da licitación.

TERCEIRO.- Que se compromete a poñer en coñecemento do (órgano de contratación/comité de expertos) de maneira inmediata calquera situación de conflito de interese que puidese coñecer e producirse en calquera momento do procedemento en curso.

CUARTO.- Que coñece que unha declaración de ausencia de conflito de interese que resulte falsa ou falseada pode dar lugar ás responsabilidades administrativas, disciplinarias ou no seu caso xudiciais, ao tratarse dun documento público, sen prexuízo do deber de indemnizar polos danos causados.

E para que así conste, asino a DACI, que se incorpora ao expediente de referencia e sométese á comprobación indicada”.

(Data e sinatura, nome completo e DNI)



Concello de Lousame

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU



Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia



ANEXO IV

MODELO DE DECLARACIÓN DE CESIÓN E TRATAMENTO DE DATOS EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR)

Expediente núm:

Don/Dona, DNI, como Conselleiro Delegado/Xerente/ da entidade, con NIF....., e domicilio fiscal en

..... que participa como contratista/subcontratista no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no **Compoñente 2 "implementación da axenda urbana española: Plan de rehabilitación de vivenda e rexenación urbana"**, declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento(UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «solicitar, para efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar procuras e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas de datos seguintes:

- i. O nome do perceptor final dos fondos;
- ii. o nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adjudicador de conformidade co Dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
- iii. os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
- iv. unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público das devanditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), deste artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refire os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o



Concello de
Lousame

Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia



Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme o marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

....., XX de de 202X

Asdo.

Cargo:



Concello de
Lousame

Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia



ANEXO V

MODELO DECLARACIÓN DE COMPROMISO EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR)

Expediente núm:

Don/Dona, con DNI, como titular do órgano/Conselleiro Delegado/Xerente/ da entidade, con NIF, e domicilio fiscal en.....

.....na condición de órgano responsable/ órgano xestor/ beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR/ que participa como contratista /ente destinatario do encargo/ subcontratista, no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no **Compoñente 2 "implementación da axenda urbana española: Plan de rehabilitación de vivenda e rexenaración urbana"**, manifesta o compromiso da persoa/entidade que representa cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicándolles no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do non significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

Tamén se compromete ao preceptivo cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, correspondéndolle ao órgano de contratación a través do responsable do contrato a comprobación do adecuado cumprimento destas obrigacións.

....., XX de de 202X

Asdo.

Cargo:



Concello de Lousame



Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU



ANEXO VI

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ADHESIÓN AO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DE DEPUTACIÓN DA CORUÑA COS SISTEMAS DE INFORMACIÓN, XESTIÓN E CONTROL DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Expediente núm:

Don/Dona, DNI, como Conselleiro Delegado/Xerente/ da entidade, con NIF....., e domicilio fiscal en

..... que participa como contratista/subcontratista no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no **Compoñente 2 "implementación da axenda urbana española: Plan de rehabilitación de vivenda e rexenaración urbana"**, declara formalmente o compromiso a:

Facilitar o cumprimento do Plan de medidas antifraudes da Deputación Provincial da Coruña relacionado cos sistemas de información, xestión e control do Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Deputación da Coruña, entendendo que calquera acción contraria a isto, será obxecto de inicio dun expediente e, no seu caso, poñerá en coñecemento do Comité anti-fraude da Deputación da Coruña (CADECOR), nos termos establecidos no Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR), publicado no BOP número 125 de 04/07/2022.

....., XX de de 202X

Asdo.

Cargo:



Concello de
Lousame



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU

